



# **INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Saúde Pública**

**Curso Académico: 2015-2016**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
- Plan de Melloras

<b><u>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Máster Universitario en Saúde Pública
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Medicina e Odontoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Medicina e Odontoloxía
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	60
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Semipresencial
Curso de implantación	2010-2011
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	03/06/2015
Curso académico obxecto de seguimento	2015-2016

<b><u>CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO</u></b>			
<b>Critérios</b>	<b>Nº</b>	<b>Evidencia / Indicador</b>	<b>Onde se atopa</b>
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Acta 1-9-2007.pdf
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	Enlace web ou PDF
1,7	I1	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311783_P.Ind_2015-2016
			5055_INF.03_2015-2016
			4311783_INF.16_2015-2016
			--
1	I2	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311783_P.Ind_2015-2016
			5055_INF.03_2015-2016
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no apartado 1B)	<a href="#">Web da USC</a> <a href="#">Web do Centro</a> <a href="#">Web do Título</a>
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E8	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E9	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E10	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Acta 1-9-2007.pdf
3,7	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311783_P.Ind_2015-2016
			4311783_INF.04_2015-2016
			5055_INF.05_2015-2016
			4311783_INF.06_2015-2016
			4311783_INF.07_2015-2016
			4311783_INF.08_2015-2016
			4311783_INF.09_2015-2016

			5055_INF.10_2015-2016
			5055_INF.11_2015-2016
			4311783_INF.13_2015-2016
			4311783_INF.14_2015-2016
			5055_INF.21_2015-2016
3,7	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311783_P.Ind_2015-2016
4	E11	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311783_E11_2015-2016
4	E12	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5055_E12_2015-2016
4	E13	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Acta 1-9-2007.pdf
4	I5	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5055_I5_I6_2015-2016
4	I6	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5055_I5_I6_2015-2016
4	I7	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4311783_INF.13_2015-2016 4311783_INF.14_2015-2016
4	I8	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	--
4	I9	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5055_I9_2015-2016
5	E14	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E15	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E16	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Listaxe de centros para prácticas.pdf
5	I10	Distribución alumnado por centros de prácticas	distribución de alumnos por centros.pdf
6	E17	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e	Asignacion de TFM a alumnos(lista).pdf

		cualificación)	
6	E18	Informes das cualificacións de cada unha das materias do título	4311783_INF.15_2015-2016
7	E19	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Acta 1-9-2007.pdf
6,7	I11	Indicadores de resultados: - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311783_P.Ind_2015-2016
			4311783_INF.17_2015-2016
			4311783_INF.18_2015-2016
			4311783_INF.19_2015-2016
7	I12	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311783_P.Ind_2015-2016
			--
7	I13	Resultados de inserción laboral	4311783_EIL-SIU_2015-2016

## Discusión dos obxectivos

### **E3: Análise do perfil real de ingreso/egreso.**

O Máster de Saúde Pública responde, entre outras, ás necesidades da primeira etapa de formación de especialistas MIR en Medicina Preventiva e Saúde Pública tal e como recolle o punto 8.1 da ORDE SCO 1980/2005, do 6 de xuño, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade. Por isto, a Comisión Académica entende que estas necesidades de formación deben seguir sendo unha prioridade no deseño das competencias do Máster. De feito os residentes de Medicina Preventiva e Saúde Pública dos hospitais de Galicia veñen representando entornao ao 35% dos alumnos (5 dos 14 alumnos de nova entrada no curso 215-2016, IN03M-PC-05).

Os restantes alumnos divídense esencialmente entre enfermeiros e farmacéuticos, aínda que cabe sinalar a presenza nas últimas edicións doutros profesionais da saúde como veterinarios, psicólogos ou odontólogos. No curso 2015-2016 matriculáronse tamén alumnos con titulacións de carácter sanitario procedentes de diversas comunidades autónomas así como de países como Finlandia ou a República Democrática do Congo (IN08M-PC-05). Ademais, no presente curso 2016-2017 contamos tamén entre os alumnos cunha alumna ERASMUS MUNDI procedente de Armenia.

A chegada de alumnos de lingua materna non española obriga ao profesorado a realizar un especial esforzo para facilitar o seguimento das clases por estes alumnos. Neste sentido a Comisión Académica, consciente da necesidade de incrementar a competencia en inglés dos profesores, deseñou unha Acción de Mellora (AM-1) a alcanzar en setembro de 2017, baseada en: 1) facilitar a asistencia a cursos de inglés dos profesores, financiándoos con fondos propios; e 2) facilitar as estancias internacionais dos docentes, mediante a adecuación do plan de organización docente. Esta acción de mellora, non vén senón a facilitar unha práctica xa asentada entre os noso profesorado: 1) nos últimos dous anos foron xa tres os profesores que realizaron estancias no extranxeiros por períodos de tres meses; e 2) o liña comeza a ser unha lingua habitual de parte do profesorado do Máster nas titorías cos alumnos estranxeiros (AM-3).

En calquera caso, e independentemente dos éxitos de internacionalización acadados, a Comisión Académica do Máster considera que debemos continuar realizando un esforzo na distribución da información referida polo que deseñamos unha estratexia que pivota sobre tres elementos: a) o Coordinador do Máster; b) o profesorado; e c) os alumnos egresados.

a) O Coordinador responsabilízase directamente de: 1) distribuír en tódalas Facultades de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela a información do Máster mediante trípticos, carteleiría e a través das pantallas informativas; 2) enviar o enlace á páxina web do Máster a tódolos colexios profesionais sanitarios de Galicia; 3) enviar a referida información ás principais asociación non gobernamentais que traballan no campo da Saúde Pública; 4) enviar o

enlace da páxina web do Máster a tódolos profesores da área de Medicina Preventiva e Saúde Pública de España; 5) enviar a información á asociación ARES preventiva, asociación que engloba aos residentes en Medicina Preventiva e Saúde Pública de España; e 6) incluír a información sobre o Máster na páxina web da Sociedad Española de Epidemiología e nas distintas páxinas de sociedades científicas españolas e europeas.

b) Tódolos profesores do Máster asumiron a responsabilidade de enviar a información do Máster a todos os seus contactos que entenderon potencialmente interesados ou que puideran incrementar a difusión do mesmo.

c) Os alumnos egresados foron invitados a colaborar na distribución da información. A xuízo da Comisión esta vía resulta especialmente importante, xa que outorga credibilidade á propia información. Ademais, dende a Comisión Académica consideramos que en última instancia esta difusión repercute positivamente na valorización do curriculum dos nosos egresados.

Entendemos que esta estratexia está, cando menos en parte, dando vos resultados. No curso 2015-2016 recibimos dos estudantes procedentes de titulacións no estranxeiro e o 13.3% dos nosos estudantes proceden doutras comunidades autónomas (IN09M-PC-05).

#### **E10, E13: Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución).**

A Comisión Académica considera que as enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida e dos profesores coa docencia impartida demostran que se están acadando os obxectivos propostos.

A enquisas de avaliación da docencia presentan un valores similares no grao de satisfacción que xa viñan manifestando os estudantes coa docencia recibida (IN46M-S01-PM-01, satisfacción do alumnado coa docencia recibida = 3,88, escala 0 a 5), con respecto ao curso anterior. A participación acadou o 61,76%.

As prácticas externas tamén reciben un elevado grao de satisfacción (IN19M-PC-09, satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas = 4,54, escala 0 a 5 de 5), valor que crece 0.54 puntos en relación a anterior valoración. Non obstante a Comisión Académica considera que debe facer un maior esforzo en incluír un máis centros de prácticas en aras de incrementar as opción formativas para os alumnos. Neste sentido propónse una Acción de Mellora (AM-2) con data prevista de finalización marzo de 2017.

A análise das enquisas de avaliación da satisfacción do profesorado amosan tamén un elevado grao de satisfacción coa docencia impartida (IN47M-S01-PM-01, satisfacción do profesorado coa docencia impartida = media de 4.47, nunha escala de 1-5), que se incrementou en 0.22 puntos respecto ao curso anterior.



### **E19: Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral).**

A Comisión Académica fai unha lectura positiva dos resultados do título. A taxa rendemento (IN34M-S01-PM-01) acadou o 87.37%, mentres a taxa de éxito (IN35M-S01-PM-01) superou o 98%. No curso 2015-2016 defenderon o TFM nas dúas convocatorias ordinarias o 71% dos alumnos de novo ingreso (10 de 14 alumnos). Os catro alumnos que pospuxeron a defensa, non o fixeron principalmente por motivos laborais. Tres destes catros alumnos manifestaron o seu interese en presentar o seu TFM no vindeiro mes de febreiro.

Dos 10 traballos fin de Máster defendidos 8 foron cualificados con sobresaliente, e dous con notable. Outorgouse una Matrícula de Honra a un TFM defendido por una alumna procedente da Facultade de Psicoloxía, o cal, ao noso entender, amosa o alto nivel de integración das titulacións non clasicamente sanitarias no Máster. Un dos traballos fin de Máster defendido no curso 2015-2016 está aceptado condicionalmente para a súa publicación en Journal of Radiological Protection revista indexada no primeiro cuartil no JCR.

En relación á temática dos traballos realizados, estes encádranse, principalmente, nas liñas de investigación máis potentes da área de coñecemento, o cal entendemos é garantía de calidade: Epidemioloxía das enfermidades crónicas, do cancro e avaliación de servizos sanitarios, Metodoloxía da metaanálise e enfermidades banais e Farmacoepidemioloxía. Cada unha destas liñas está integrada por catro profesores doutores e dúas delas dispoñen de persoal contratado en convocatorias competitivas. Ademais, estas liñas investigacións están financiadas a través de programas públicos e competitivos de I+D, principalmente nacionais e autonómicos. As tres liñas teñen na actualidade proxectos vixentes financiados de maneira competitiva.

No relativo aos resultados do título en termos de inserción laboral, debemos sinalar que ata o momento a Comisión Académica do Máster non dispón de información dos egresados, nin procedente do SIIU nin da ACSUG.

Non obstante, dende a Comisión Académica do Máster de Saúde Pública vense realizando un esforzo por manter o contacto directo cos alumnos egresados. Especificamente en relación á promoción 2015-2016 podemos informar: os 5 residentes de Medicina Preventiva e Saúde Pública continúan a súa formación MIR, 2 alumnos continuaron estudos de doutoramento, 2 alumnos integráronse en proxectos de investigación por vía de contratos laborais, e 1 alumno comezou a súa carreira profesional no campo da Cooperación e Saúde Pública Internacional. En calquera caso debemos ter presente, que boa parte dos alumnos do Máster de Saúde Pública xa están traballando ou en formación cando o realizan e buscan no Máster completar a súa formación capacitándose metodoloxicamente.

### 3. Plan de Melloras

## PLAN DE MELLORAS

### ACCIÓNS PLANIFICADAS, CURSO 2016-2017

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	A Comisión Académica é consciente de novos retos xurdidos en canto á lingua vehicular do Máster
	Definición	Análise causa	Competencia limitada do profesorado para atender a alumnos en inglés.
		Definición/descric. proposta	Facilitar cursos de inglés oral para os docentes e estadias de docencia e investigación en países anglosaxós.
		Data prevista de finalización	Setembro 2017
		Data inicio	Setembro 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	O coordinador do master	
	Outros responsables de implantación	Comisión de Título	
Finalización	Estado		
	Data de estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	A Comisión Académica é consciente da necesidade de novos centros para a realización de prácticas.
	Definición	Análise causa	Ausencia de centros de prácticas que cubran outras áreas profesionais.
		Definición/descric. proposta	Establecer novos convenios con centros onde se desenvolvan actividades propias da Saúde Pública.
		Data prevista de finalización	Abril 2017.
		Data inicio	Setembro 2016.
Responsables	Usuario responsable da implantación	O coordinador do master	
	Outros responsables de implantación	Comisión de Título	
Finalización	Estado		
	Data de estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

**Comisión Académica do Máster de Saúde Pública. Universidade de Santiago de Compostela.  
Reunión 9-1-2017. 10h**

**Orde do día:**

1. Informe do Director.
2. Discusión e aprobación, se procede, do INFORME de Seguimento 2015-2016.
3. Rogos e preguntas.

As 10.00 comeza a reunión.

**1. Informes do Coordinador.**

O director informa sobre o número de alumnos no curso 2016-2017 e sobre a asignación de TFMs.

**3. Discusión e aprobación, se procede, do INFORME de Seguimento 2015-2016.**

Discútese o documento e apróbase por asentimento.

**4. Rogos e preguntas.**

Non hai

Sendo ás 10:30 levántase a sesión.

O secretario

Alberto Ruano Raviña

Asisten: Francisco Caamaño Isorna, Agustín Montes Martínez, Carlos Fernández, Bahi Takkouche.

## Máster Salud Pública 2015-2016. Lista de centros para prácticas.

Organismo	Localidad
Sección de Programas Sanitarios. Servizo de Alertas Epidemiolóxicas. Xefatura Territorial de A Coruña	A Coruña
Médicos do Mundo	A Coruña
Xefatura Territorial Ourense.	Ourense
Sección de Sanidade Ambiental. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Xefatura Territorial de Pontevedra.	Pontevedra
Sección de Sanidade Ambiental. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Xefatura Territorial de Pontevedra.	Pontevedra
Servizo de Programas Poboacionais de Cribado. Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida saudables.	Santiago
Servizo de Epidemioloxía. Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía	Santiago
Servizo de estilos de vida saudables e Educación para a saúde. Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables	Santiago
Médicos do Mundo	Santiago
Sección de Sanidade Ambiental. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Xefatura Territorial de Pontevedra.	Vigo
Médicos do Mundo	Vigo
Concello de Ourense	Ourense
Concello de Ames	Bertamiráns

**Máster Saúde Pública 2015-2016. Postos ofertados para as Prácticas Externas (4 semanas, 35 horas semanais)**

	Localidade	Breve descripción da actividade	Períodos ofertados	Horario	Nº de prazas	Titor/a (s)
Sanitarios. Servizo de Xefatura Territorial	A Coruña	Promoción de estilos de vida saudables (prevención de consumo de tabaco e de alcohol, promoción de alimentación saudable en colexios, ...)	Febreiro	8:00 a 15:00	1	Begoña Alonso de la Iglesia
	A Coruña	Estudo diagnóstico sobre os principais problemas de saúde en mulleres que exercen a prostitución.	entre xaneiro e xuño	Contactar coa titora	2	Gemma Blanco
	Ourense	Xestión datos programas Ambiental	Marzo	8:00 a 15:00	1	Belén Vila Dorrió Beatriz Mora Bermudez
	Ourense	Tarefas que se desenvolven na X.T de promoción da saúde, programas de cribado poboacionais e validación e control de enfermidades de declaración obrigatoria	Febreiro	8:00 a 15:00	1	Ana Isabel González
	Ourense	Tarefas que se desenvolven na X.T de promoción da saúde, programas de cribado poboacionais e validación e control de enfermidades de declaración obrigatoria	Abril	8:00 a 15:00	1	Ana Isabel González
ambiental. Servizo de Sanitarios. Xefatura Territorial	Pontevedra	Xestión de datos dos programas de control de riscos ambientais que se desenvolven na xefatura territorial.  Perfil: Farmacéutico/a	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Ángel Vila Lodeiro. Farmacéutico inspección de Saúde Pública (FISP)
ambiental. Servizo de Sanitarios. Xefatura Territorial	Pontevedra	Xestión de datos dos programas de control de riscos ambientais que se desenvolven na xefatura territorial.  Perfil: Farmacéutico/a	entre febrero e xuño	8:00 a 15:00	1	Montserrat Dominguez Casal. Farmacéutica inspectora de Saúde Pública (FISP)
ambiental. Servizo de Sanitarios. Xefatura Territorial	Pontevedra	Xestión de datos dos programas de control de riscos ambientais que se desenvolven na xefatura territorial.  Perfil: Farmacéutico/a	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Paula Sánchez García. Farmacéutica inspectora de Saúde Pública (FISP)
Poboacionais de Sanitarios. Xefatura Territorial	Santiago	Conocimiento de las actividades de gestión y evaluación de los programas de cribado poblacional implantados en la CCAA: Cáncer de mama y de colon. Metabolopatías e hipoacusia infantil.	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Raquel Zubizarreta Alberdi
Sanitarios. Subdirección Xeral de Saúde e Epidemioloxía	Santiago	Vixilancia de enfermidades transmisibles	Febreiro	8:00 a 15:00	1	Anxela Pousa Ortega
Sanitarios. Subdirección Xeral de Saúde e Epidemioloxía	Santiago	Vixilancia de enfermidades crónicas	Marzo	8:00 a 15:00	1	Alberto Malvar Pintado
Sanitarios. Subdirección Xeral de Saúde e Epidemioloxía	Santiago	Rexistro galego de mortalidade	Abril	8:00 a 15:00	1	Sara Cerdeira Caramelo
Sanitarios. Subdirección Xeral de Saúde e Epidemioloxía	Santiago	Programa galego de prevención e control da tuberculose	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Elena Cruz Ferro Mª Isabel Ursua Díaz
Sanitarios. Subdirección Xeral de Saúde e Epidemioloxía	Santiago	Plan galego anti VIH/Sida e outras infeccións de transmisión sexual	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Rogelio Iema Mougán Manuel Pereiras López Javier Cereijo Fernández

	Localidade	Breve descripción da actividade	Períodos ofertados	Horario	Nº de prazas	Titor/a (s)
Enfermidades Unión Xeral de e e Epidemioloxía	Santiago	Programa de vacinacións	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Elena Rego Romero Victoria Nartallo Pe
de conductas Xeral de programas e vida saudables	Santiago	Elaboración, planificación e coordinación das actividades de Promoción de Vida sen Tabaco nin Alcohol.	Marzo	8:00 a 15:00	1	Mª Jesús García Bla Miriam Otero Requ
a saudables e Subdirección Xeral to de estilos de vida	Santiago	Alimentación saudable e promoción da actividade física (Xente con Vida, comedores escolares, ...)	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Mª Teresa Calabuig Martínez
	Santiago	Detección precoz da infección por VIH e Sifile en mulleres en contexto de prostitución.	entre xaneiro e xuño	Contactar coa titora	2	Eugenia Sampedro
ambiental. Servizo de ntais. Xefatura a.	Vigo	Xestión de datos dos programas de control de riscos ambientais que se desenvolven na xefatura territorial.  Perfil: Farmacéutico/a	entre febreiro e xuño	8:00 a 15:00	1	Manuel Piñeiro Bae Farmacéutico inspe de Saúde Pública (F
	Vigo	Detección precoz da infección por VIH e Sifile en mulleres en contexto de prostitución.	entre xaneiro e xuño	Contactar coa titora	2	Irene Picos

## Distribución de alumnos por centros de prácticas

Organismo	Alumna
Sección de Programas Sanitarios. Servizo de Alertas Epidemiolóxicas. Xefatura Territorial de A Coruña	Susana María Cadavid
Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles. Programa galego de prevención e control da tuberculose.	Raquel Codesido
Servizo de Epidemioloxía. Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía.	Raquel García
Médicos do Mundo. Galicia.	Ainara Díaz Geada
Médicos do Mundo. Galicia.	Miguel Servia
Médicos do Mundo. Galicia.	Nuria Suárez
Médicos do Mundo. Galicia.	Iria Fernández
Médicos do Mundo. Galicia.	Rebeca Fandiño Gómez
Médicos do Mundo. Galicia.	Maria Lorenzo
Concello de Ourense. Concellería de Saúde.	Patricia Gómez Salgado
Concello de Ames. Concellería de Saúde.	Natalia Nogueira Uzal
Servizo de Estilos de vida saudables e Educación para a saúde. Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables	Antonio Raso
Servizo de estilos de vida saudables e Educación para a saúde. Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables	Juan Barea
Consellería de Sanidade. Xefatura Territorial de Ourense.	Nuria Vilarin



# Master de Salud Pública de la Universidade de Santiago de Compostela

## Trabajos Fin de Master lidos (curso 2015-2016)\*

Profesor/a	Trabajo Fin de Master	Puestos/Alumno asignado	Nota
<a href="#">Francisco Caamaño Isorna</a> , <a href="#">Lucía Moure Rodríguez</a>	Consumo de alcohol y situación laboral y social en antiguos alumnos universitarios: caracterización de perfiles.	Patricia Gómez Salgado	9,5
<a href="#">Francisco Caamaño Isorna</a>	Diagnóstico de Determinantes Sociales de las Desigualdades en Salud de los adolescentes caboverdianos (12 - 16 años) de Burela (Lugo).	Ainara Diaz Geada	9
<a href="#">Adolfo Figueiras Guzmán</a>	Conocimiento, actitud y percepción de los estudiantes de medicina con respecto al uso de antibioticos y sus resistencias	Nogueira Uzal Natalia	9
<a href="#">Adolfo Figueiras Guzmán</a>	Revisión sistemática de la efectividad de intervenciones para mejorar la Atención Farmacéutica Comunitaria.	Miguel Servia Dopazo	9
<a href="#">Adolfo Figueiras Guzmán</a>	Determinates de la respuesta de los médicos a una intervención para mejorar la calidad de la prescripción	García Rodríguez Raquel	9
<a href="#">Agustín Montes Martínez</a>	Determinantes socioeconómicos de la prevalencia de exposición al humo ambiental del tabaco en niños españoles	Iria Fernández	9
<a href="#">Mónica Pérez Ríos</a> , Alberto Malvar	Impacto del sesgo de la no participación en los estudios de obesidad infantil	Nuria Suárez Gariche	8,5
<a href="#">Carlos Regueira</a>	Estudio piloto para la evaluación de la ingesta de un nutriente en una población	Antonio Raso Serrano	9
<a href="#">Alberto Ruano Raviña</a>	Radon residencial en Galicia: un estudio transversal en una zona de alto riesgo	Maria Lorenzo González	9
<a href="#">Ernesto Smyth</a>	Análisis de la eficacia del entrenamiento de la mano derecha e izquierda en las habilidades del odontólogo.	Rebeca Fandiño Gómez	8,5